



INSTRUCCIÓN PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA OFICIAL

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

XULLO: das 9:30 ás 13:30 h.

SETEMBRO: das 9:30 ás 13:30 h.; os martes e os xoves tamén de 16:30 a 18:30 h.

PASOS:

1. Recoller e ler detidamente o **SOBRE DE MATRÍCULA** na conserxaría.
2. Escoller **CURSO e HORARIO** na secretaría.
3. Reunir a **DOCUMENTACIÓN** requirida:

Todo o alumnado:

- a. **Impreso de matrícula**, debidamente cuberto
- b. **Declaración de baixa de oficio**
- c. **Folla de liquidación de prezos públicos**
- d. **Orixinal e copia do título de familia numerosa** (cando proceda)
- e. **Certificado de exención de taxas** para os funcionarios da Consellaría de Educación ou da universidade galega expedido polo organismo do que dependan (cando proceda)

Alumnado novo:

Toda documentación anterior, e mais:

- f. **Fotocopia do DNI / NIE ou pasaporte**
- g. **Carné da EOI**, debidamente cuberto
- h. **Dúas fotos tamaño carné** (unha pegada no carné da EOI e outra identificada co nome completo)
- i. **Fotocopia cotexada de documentación que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no réxime ordinario no presente curso escolar** (só para alumnado menor de 16 anos)
- j. **Orixinal e copia do título ou certificado que permita o acceso directo a un curso** (cando proceda)

Alumnado procedente doutras EOI

Toda documentación anterior, e mais:

- k. **Certificación académica do seu centro de orixe**

4. Efectuar **O INGRESO DO IMPORTE DA MATRÍCULA** en calquera das entidades bancarias que figuran ao pé da folla de liquidación.
É posible pagar a taxas por Internet: consulten na folla de instrucións sobre taxas que se achega.
5. Entregar toda a documentación na secretaría para **FORMALIZAR A MATRÍCULA**.

***Notas: para cubrir a FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS:**

- Antes de proceder a cubrir os diferentes apartados, consulten a folla de instrucións de taxas (**TAXAS de MATRÍCULA**) que se achega. Se, aínda así, teñen algunha dúbida, deberán aclarala na secretaría da EOI.
- Comproben ben os importes que van ingresar antes de acudir á entidade bancaria, xa que o centro non poderá efectuar ningunha devolución das cantidades incorrectamente ingresadas.

**POLO BEN DE TODOS, É IMPORTANTE ACUDIR
CON TODA A DOCUMENTACIÓN COMPLETA E DEBIDAMENTE CUBERTA**